

LETRAS Xabier Quiroga gaña o Premio da Crítica na modalidade de novela en galego por 'O cabo do mundo', e Luz Pozo Garza obtén o galardón análogo no apartado de poesía

A memoria e a vida


'Deter o día cunha flor' foi o poemario escollido, un recuento da infancia cos seus temas de sempre como o amor

maré · Santiago

"Levitando". Así di sentirse o escritor Xabier Quiroga, que acaba de gañar con *O cabo do mundo* o Premio da Crítica na modalidade de novela en lingua galega. A poeta Luz Pozo foi a afortunada en poesía, coa súa obra *Deter o día cunha flor*. Ambos están, ademais, nomeados para os premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que se decidiron onte despois do peche desta edición.

Xabier Quiroga leva un bo ano, sen dúbida, en canto a recoñecementos, pois *O cabo do mundo* foi tamén escollida entre as finalistas do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente, do Instituto Rosalía de Compostela. O Premio da Crítica é "unha alegría para min e para toda a novela galega", di. "Está moi ben, alégrome moito, pero non me vai subir á cabeza", chaneca.

O cabo do mundo (Xerais) é unha novela sobre a memoria e a procura da identidade, alicerzada nunha investigación sobre as "patrullas do amencer", formadas por falanxistas que fan buscar a xente ás casas para matala. "Houbo unha represión moi dura, e ademais en Galicia non houbo guerra, senón unha gran represión. É un tema que estivo moito tempo agochado, e aínda provoca recos. Algúns críticos din da novela que non foi para tanto... xa teño



Xabier Quiroga e Luz Pozo tamén están nominados para os premios da Asociación de Escritores

DATOS

Os "desastres" do alzamento

Xose Manuel Eyré loou *O cabo do mundo*, de Quiroga, da que destacou que é unha "lozada creación literaria" para que non se esquezan "os desastres provocados polo alzamento militar franquista", e encomiou a exquisitez literaria de *Deter o día cunha flor*, do poeta Luz Pozo. "É a noticia da miña vida, da miña vida literaria polo menos", afirmou

onte Francisco Ferrer, que cualificou o seu libro como "un pouco revolucionario" e "algo revulsivo". Neuman acordouse de "todos os fillos de inmigrantes que viven en España". "Son inmigrantes, vi vo desde neno en España, pero nacín noutra po e emocioname especialmente que me consideraran cidadán deste país", dixo ao saber do premio.

oído que é outra novela sobre a guerra civil... É ficción, pero nas miñas novelas tento transmitir unha realidade", indica.

Luz Pozo volveu cantarlle á vida e ao amor na súa obra *Deter o día cunha flor*, (Baía), na que se reencontrou cos seus temas de sempre, que o gravador José Valentín interpreta en clave plástica. "O libro ten moito que ver coa idea de unidade, na que conflúen pasado, presente e futuro, que en realidade son o mesmo: o pasado transfórmasse en presente, o futuro xa está nacemento no

agora... Todo é un, unidade cósmica, vital... e o libro é o que é a miña vida...", comentou nunha entrevista con este xornal realizada cando saíu do prelo o libro.

Na súa modalidade xeral, os Premios da Crítica foron para o escritor argentino Andrés Neuman, pola súa novela *El viajero del siglo*, e o poeta catalán Francisco Ferrer Lerín, por *Fámulo*. O Premio da Crítica en narrativa catalá foi para Francesc Serés, coa obra *Contes russos* (*Contes rusos*) e en poesía o galardoado foi *L'ombra dels dies vermells*, (*A sombra dos días vermellos*), de Carles Miralles. *Autokarabana*, de Ferrnín Etxegoin, finouse co premio de narrativa vasca, mentres que o poemario de Juanra Madariaga, *Erroriaren logia* (*Alóxica caída*), levou o premio á mellor obra poética.

Os Premios da Crítica son concedidos cada ano pola Asociación Española de Críticos Literarios (AECL) e están considerados un dos galardóns literarios máis prestixiosos de España. José María Pozuelo Ybancó, membro do xurado, destacou da obra de Neuman -gañadora do Premio Alfaguara en 2009-, que transcorre na Alemaña de principios do século XIX, "a súa gran dimensión reflexiva sobre a música, a literatura e o pensamento" e agoirou que será "unha obra referencial da literatura española".

Fámulo (Lusquets Editores) foi recoñecido polo "valor de renovación no panorama actual e pola súa riqueza de estilos e temáticas", segundo o membro do xurado Olivia Rodríguez, quen dixo que o "estilo fresco" do poeta achegaran a novos lectores: "fora dos círculos literarios dominantes". ●